



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 18 de xullo de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 608/1102.

Dáse conta da proposta de data 17/07/19, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 11, 14, 16 e 17 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012), esta Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no **Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo** aos seguintes concelleiros/as:

Polo Grupo municipal socialista:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font

Suplente: D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

Suplente: D^a Isaura Abelairas Rodríguez

Polo Grupo municipal do Partido Popular:

D. José Alfonso Marnotes González

Suplente: D^a Teresa Egerique Mosquera

Comunicar, así mesmo, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello de Vigo correspóndelle á Concelleira Delegada da Área de



Urbanismo do Concello de Vigo, D^a M.^a José Caride Estévez, por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019. *Suplente D^a Ana Mejías Sacaluga.*

Segundo.- Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello á concelleira:

D^a M.^a José Caride Estévez

Suplente: D. Carlos López Font

Terceiro.- Designar Vicepresidente do Consorcio Casco Vello de Vigo ao Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- *Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.*

Acordo


A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2019 09:21	Páxina 2 de 2
	Expediente 608/1102	CSV: 2DE7C3-2A8ACC-45CH84-HETPGL-17ZKNY-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		